

## Informe sobre modificación do trazado dun camiño situado en solo rústico (Concello de A Lama – Expediente XCP-24/020)

### ANTECEDENTES

**ÚNICO.-** O 18.04.2024 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (núm.2024/1317847) oficio do alcalde de A Lama no que formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

*"Que, o Concello de A Lama é propietario segundo consta no Inventario de Bens do Concello de A Lama do Vial Municipal que vai de Borralleiro a Cambeses (Orde Grupo 302020001).*

*Que, consta neste Concello solicitude de permuta dun veciño de un ben da súa propiedade (parcela con referencia catastral 36025A026008080000GD) polo tramo final do Vial Municipal que vai de Borralleiro a Cambeses (Orde Grupo 302020001), o cal entronca coa estrada autonómica PO-235.*


[...]

*Que, o obxectivo de dita proposta é, que unha vez efectuada a permuta, puidérase cambiar o trazado do Vial Municipal que vai de Borralleiro a Cambeses (Orde Grupo 302020001), e habilitar unha nova conexión coa PO-235, a través da finca permutada a cal garantirá a seguridade e facilitando a conexión para todos os veciños da zona [...]*

*Que, tanto a parcela a permutar (parcela con referencia catastral 36025A026008080000GD) como o do Vial Municipal que vai de Borralleiro a Cambeses (Orde Grupo 302020001), atópanse situadas en Solo Rústico de Especial Protección de Espazos Naturais segundo as Normas Subsidiarias Municipais do Concello de A Lama.*

[...]

*Que, o plano 1-4 das NN.SS.MM. recolle o Vial Municipal que vai de Borralleiro a Cambeses (Orde Grupo 302020001) do seguinte xeito, polo que a modificación do trazado que se propón non figura expresamente recollida, feito que é difícil comprobar debido a escasa escala e precisión dos planos das NN.SS.MM.*



Á vista do descrito anteriormente [...] plantéanse as seguintes dúbidas interpretativas da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

- Dado que o Vial Municipal que vai de Borralleiro a Cambeses (Orde Grupo 302020001) xa existe, ¿consideraríase a modificación do trazado do Vial Municipal que vai de Borralleiro a Cambeses (Orde Grupo 302020001) como unha apertura dun camiño en solo rústico ou podería considerarse como unha mellora do trazado existente?

- A vista do anteriormente descrito, ¿sería viable a modificación do trazado do Vial Municipal que vai de Borralleiro a Cambeses (Orde Grupo 302020001)? [...]”.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

**SEGUNDA.-** O Concello da Lama conta con Normas subsidiarias de planeamento (NSP), aprobadas definitivamente o 23.03.1997 e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm. 77, do 23.04.1997 e no *Diario Oficial de Galicia* núm. 104, do 02.06.1997.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece o seguinte no seu número 2:

*“O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

[...]

*d) Ao solo rústico aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico”.*

En consecuencia, ao solo rústico do Concello da Lama aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).

**TERCEIRA.-** Os camiños públicos teñen a consideración de dotacións urbanísticas, en concreto, de infraestruturas de comunicación definidas no parágrafo 3.4 do Anexo I do RLSG nos seguintes termos:

*“a) Infraestruturas de comunicación: aquel uso que comprende o conxunto de infraestruturas destinadas á conexión urbana e á comunicación interurbana tales como viario e aparcadoiros, aeroportos, ferrocarrís, estradas, camiños e infraestruturas relacionadas co transporte individual ou colectivo.*



*1º Viario: aquel que inclúe o solo necesario para asegurar un nivel adecuado de mobilidade terrestre. Comprende as infraestruturas de transporte para calquera modalidade de tránsito, como son as estradas, os camiños, as rúas e os aparcadoiros”.*

No suposto, como o que nos ocupa, de que tales camiños estean situados en solo rústico, resultarán de aplicación as limitacións á apertura de camiños previstas no artigo 37 da LSG, cuxo teor literal é o seguinte:

*”1. No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de monte ou de ambiente.*

*2. As novas aperturas de camiños deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible da paisaxe e minimizándose ou corrixíndose o seu impacto ambiental”.*

En idénticos termos maniféstase o artigo 55 do RLSG.

Así pois, constitúe un requisito indispensable para a apertura de camiños no solo rústico que estean recollidos expresamente no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás os supostos específicos citados no precepto transcrito.

Cómpre lembrar que este órgano consultivo xa se pronunciou sobre o alcance das limitacións á apertura de camiños en solo rústico en diversos informes (Expedientes XCP-22/019 – Concello de Vilamartín de Valdeorras e XCP-23/059 – Concello do Barco de Valdeorras) que están publicados na seguinte ligazón: <https://territoriourbanismo.xunta.gal/gl/xunta-consultiva/informes-instruccion-estudos/relacion-informes-publicados> e a cuxas consideracións nos remitimos.

**CUARTA.-** A consulta municipal ten por obxecto determinar se a modificación do trazado do camiño municipal que discorre entre Borralleiro e Cambeses constitúe unha nova apertura dun camiño ou, pola contra, unha mellora do trazado existente, así como analizar a viabilidade da modificación pretendida.

A información facilitada polo concello permite extraer que, malia que o referido camiño está recollido expresamente nas NSP, a modificación do seu trazado non está prevista no planeamento urbanístico municipal.

A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ten entre as súas funcións a interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, pero non pode resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes concretos de competencia municipal, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo.

Corresponde ao Concello da Lama, no ámbito das súas competencias, valorar se a modificación do trazado do referido camiño constitúe unha nova apertura ou a mellora do existente, así como analizar a viabilidade da modificación proxectada, tendo en conta a documentación técnica obrante no expediente e as demais circunstancias concorrentes.

En todo caso, sen prexuízo do exposto, atendendo á proposta de modificación do trazado do camiño que vai de Borralleiro a Cambeses, nomeadamente o cambio substancial que conleva respecto do trazado orixinario e previsto no planeamento, o novo punto de conexión do camiño coa estrada PO-235 e a súa incidencia no medio físico, semella que a devandita proposta de modificación esixiría a súa



previa inclusión no planeamento urbanístico municipal, xa sexa mediante a formulación polo concello dun plan especial de infraestruturas e dotacións (artigo 73 da LSG) ou ben a través dunha modificación das NSP (artigo 83 da LSG).

## CONCLUSIÓN

**1.** As limitacións á apertura de camiños no solo rústico establecidas no artigo 37.1 da LSG resultan de aplicación á modificacións do trazado de camiños existentes pola incidencia que teñen sobre o medio físico.

**2.** A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ten entre as súas funcións a interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, pero non pode resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes concretos de competencia municipal, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo.

En consecuencia, non procede analizar a cuestión suscitada relativas á viabilidade da modificación do trazado do camiño municipal que discorre entre Borralleiro e Cambeses, por exceder das funcións encomendadas ao dito órgano consultivo.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

